

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE FEBREIRO DE 2016.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS XUNTAS DE
GOBERNO LOCAL NÚM. 5/2016 DE 1 DE FEBREIRO DE 2016 E NÚM.
6/2016 DE 5 DE FEBREIRO DE 2016.**

Acordouse aprobar as actas núm. 5/2016 de data 1 de febreiro de 2016 e núm. 6/2016 de data 5 de febreiro de 2016, das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcrición ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E COMUNICACIÓN
PREVIA DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA**

DE ACTIVIDADE para o exercicio da actividade de tenda de roupa na rúa Principal, 2 - Lalín (exp. 7949/15) e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/02/16 por importe de 130 euros en concepto de taxa por licenza de 1ª ocupación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN da parcela rústica con referencia catastral 36024A033000760000AR, sita en Cangas, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 16/10/15 en concepto de taxa por licenza de segregación por importe de 60,10 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- INFORME PREVIO.

4.1.- Acordouse aprobar o informe do técnico municipal de data 03/12/15 en relación á solicitude de licenza de obras para a recuperación estrutural e xeométrica da bóveda presbiterial e do arco toural no Santuario de O Corpiño, Lalín.

5.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 3/2016.

5.1.- Acordouse recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **núm. 03/2016** , **por un importe total de 21.500,05 €**, segundo as relacións **nº 00013: 16.592,54 €**, **nº 00014: 2.997,30**, **nº 00018: 753,45 €**, **nº 00019: 254,81 €** e **nº 00020:901,95 €** e proceder a reclamar a Espina & Delfin, S.L. o importe de 1.008,26 €, correspondente as relacións nº 00018 e nº 00019. Así como requirirille o cambio de titular dos contratos de subministro eléctrico das instalacións recepciónadas pola empresa na acta de recepción e asinada o 30 de abril de 2015.

6.- ASUNTOS XUDICIAIS.

6.1.- Acordouse recoñecer a obriga derivada da parte dispositiva da sentenza firme nº 2/2016, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo

nº 1 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 119/2015, procedendo ó ingreso na conta establecida para o efecto polo Xulgado, do importe de 700 €.

7.- EXPEDIENTE DE PATRIMONIO MUNICIPAL.

7.1.- Acordouse **aceptar a cesión en propiedade dun espaxador de sal adaptado a remolques ou vehículos todo terreo** en virtude do acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) e o Concello de Lalín para a entrega de equipamento operativo para a prevención e atención ás emerxencias e incorporalo ao Inventario Municipal.

8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

8.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS” (CSE022016)** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con importe máximo de licitación de 9.803,54 € (IVE incluído) e un prazo de execución de 2 anos prorrogables por outros 2 anos máis, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Prego de Prescricións Técnicas e incorporar os devanditos documentos ao expediente e autorizar o gasto por importe máximo de 9.803,54 € (IVE incluído) e un importe máximo por prezo de man de obra de 35,00 € (IVE incluído) con cargo ás aplicacións orzamentarias 321.213.00, 342.213.00, 920.213.00, 334.213.00, 3321.213.00 e 133.213.00 do vixente Orzamento Municipal.

8.2.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de Traballo da obra **“LOCAL EN EL ESTADIO MANUEL ANXO CORTIZO Y PISTAS CUBIERTAS EN EL LALIN ARENA”**, presentado pola empresa **Antonio Framiñán Construcciones S.L, con CIF núm. B36224798.**

9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

9.1.- Acordouse **proceder á devolución e cancelación do aval** presentado pola empresa CLECE, S.A. polo importe de **1.183,48 €**, depositado como garantía para responder do contrato de “Servizo de mantemento da Casa Consistorial de Lalín”.

10.- FACTURAS E CONTAS.

10.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 12 de febreiro de 2016 **acordouse aprobar e declarar de abono as facturas** por importe total de **113.077,03 euros**.

11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse acollerse á Liña 3. Actividades culturais, deportivas, sociais, turísticas e medioambientais dás Bases Reguladoras do Plan de Concellos 2016 e solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención de **63.390,13 €** e comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuren en dita disposición, no suposto de obter a subvención solicitada.

11.2.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 250 € a aboar en efectivo.

11.3.- Acordouse aprobar unha BAIXA, unha AMPLIACIÓN e unha ALTA no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia en virtude dos datos que consta no expediente SIGAD/SIUSS e no informe técnico.

11.4.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 11.017,78 € (IVE incluído) con destino á subministración e instalación do material necesario para a **corrección de deficiencias detectadas na instalación eléctrica de baixa tensión do Lalín Arena**, segundo a acta de inspección nº 36-36-E29-2-063775 e contratar con **D. Francisco Javier Sanmartín López** o subministro e instalación do material necesario, conforme á citada acta de inspección e o informe do Arquitecto Técnico municipal polo importe total de 11.017,78 € (IVE incluído).

11.5.- Acordouse interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o Director de Augas de Galicia contra a liquidación emitida a este Concello en concepto de canon de saneamento correspondente a 4 recibos declarados como impagados pola compañía subministradora Espina y Delfín, S.L. facturados no ano 2013 pola produción de vertidos do 1º semestre do ano 2012 do complexo

Lalín Arena, do Punto Limpo e dos locais nos que ata o ano 2011 estiveron os Servizos municipais de Intervención-Tesourería e os Servizos Técnicos de Urbanismo, e **solicitar se teña por presentado RECURSO DE REPOSICIÓN contra a liquidación 324/0086/M/01 e a anulación da citada liquidación.**

11.6.- Acordouse aprobar e ordenar que se poña ó cobro o padrón fiscal polos conceptos de **TAXA POR ABASTECIMIENTO DE AUGA (4º Trimestre de 2015)** por importe de **146.220,14 €**, **TAXA DE SUMIDOIROS (4º Trimestre de 2015)** por importe de **110.175,56 €** e **Canon saneamento Xunta de Galicia** por importe de **60.098 €** sendo o importe total do padrón de **316.493,70 €**.

11.7.- Acordouse admitir a documentación presentada pola **Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín, en virtude do convenio de colaboración co Concello de Lalín e co obxecto de colaborar na celebración da Cabalgata dos Reis Magos** e aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de **6.000,41 €** derivado da relación de documentos xustificativos dos gastos relacionados co programa mencionado.

11.8.- Acordouse a **concesión** da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía **número 02/2016**.

11.9.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, e aprobar a documentación do expediente da obra: ***“MEMORIA PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN MEDIANTE PELLETS NO CENTRO SOCIAL DE MUIMENTA”***, por importe de **45.958,22 €**.

Terceiro.- Comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuran en dita disposición, no suposto de obter a subvención.

Cuarto.- Comprometerse a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total da execución prevista segundo a documentación presentada coa solicitude.

12.- CORRECCIÓN DE ERROS.

12.1.- Acordouse corrixir o erro padecido na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local do día 1 de febreiro de 2016 no punto 6 expediente de recoñecemento de créditos.

13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

13.1.- Dáse conta do escrito presentado pola **Comunidade de Augas de Anzo**, no que solicitan ó Concello de Lalín a construción dunha caseta de 4 metros cadrados de superficie de bloques para a instalación dun clorador.

13.2.- Acordouse **Ordenar á Policía Local** que procedan ao cumprimento das obrigas que para o Concello de Lalín se derivan do **Convenio básico bilateral en materia de seguridade vial**, subscrito entre a **Dirección Xeral de Tráfico e o Concello de Lalín**, e a notificar a dita **Dirección Xeral** o cumprimento das mesmas.

13.3.- Acordouse autorizar o uso do **Albergue Vicente Agulló Canda de Mouriscade** dende o venres día 22 de abril de 2016 pola tarde e ata o **domingo 24 de abril de 2016** pola mañá solicitado pola **Banda de Música da Asociación Cultural Deportiva Liceo “La Paz”**

13.4.- Acordou denegar a solicitude de devolución de documentación presentada para o premio **Aldea Singular 2106** pola **Asociación Amigos do Museo “Casa do Patrón”**

13.5.- Acordouse informar favorablemente a celebración da proba **“RUTA DO COCIDO DE LALÍN 2016”** organizada polo **Alambike Club Cicloturista** coa colaboración do **Concello de Lalín** .

13.6.- Dáse conta do escrito remitido pola **Xefatura Territorial de Pontevedra-Servizo de Mobilidade** en relación coa petición de **Autocares Ofelia E. Souto Castro, S.L.**, de autorización para servizo de transporte regular de viaxeiros de carácter temporal para os días catro e cinco de marzo do presente ano con motivo da **Festa da Xuventude de Botos**, con catro rutas.

ASUNTOS POR URXENCIA.

1º.- Acordouse a concesión de determinados postos de venda ambulante para os 24 días de feira do ano 2016 e a aprobación das altas e liquidacións para o exercicio de 2016 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica e a

declaración de zonas de dominio público habilitadas para a colocación dos mesmos.

2º.- Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos *PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2016*.

3º.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de XANEIRO de 2016, por un importe total de 5.635,99 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia prestado durante o mes de xaneiro do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 24.913,28 €.

4º.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, correspondente ao mes de xaneiro de 2016, por importe total de 842,66 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente e probar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca, prestado durante o mes de XANEIRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.730 €.
